

Venres, 13 de xaneiro de 2023

Núm. 9

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Persoal, oposicións

CORRECCIÓN DE ERROS BASES XERAIS POLAS QUE SE CONVOCA O PROCESO SELECTIVO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, PARA 2 PRAZAS NO CORPO ADMINISTRATIVO, ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C, SUBGRUPO C1

NÚMERO DE EXPEDIENTE (2078/2022)

No BOPPO de data 30 de decembro de 2022, núm 249 publicouse o anuncio das bases xerais pola que se convoca o proceso selectivo, pola quenda de acceso libre, para 2 prazas no corpo Administrativo, Administración Xeral, Subescala Administrativa, Grupo C, Subgrupo C1, do Concello de Lalín.

A súa vez, mediante Resolución de Alcaldía de data 4 de xaneiro de 2023 procedeuse á corrección de erros das devanditas, no seguinte senso:

A) Na Base Quinta das referidas :

ONDE DI:

“As bases do proceso de selección estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web municipal (www.lalin.gal) e na sede electrónica do Concello (www.lalin.sedelectronica.gal). O anuncio da convocatoria e das bases será publicado no BOPPO no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na páxina web municipal. As convocatorias e resultados das probas serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello de Lalín (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e na web municipal www.lalin.gal no apartado de procesos selectivos.”

DEBE DICIR:

“As bases do proceso de selección publicaranse íntegramente no BOPPO, estarán a disposición das persoas interesadas na páxina web municipal (www.lalin.gal) e na sede electrónica do Concello (www.lalin.sedelectronica.gal). O anuncio da convocatoria e das bases será publicado no DOGA e no BOE. As convocatorias e resultados das probas serán publicadas no Taboleiro de Anuncios do Concello, na sede electrónica do Concello de Lalín (<http://lalin.sedelectronica.gal>) e na web municipal www.lalin.gal no apartado de procesos selectivos.”



Venres, 13 de xaneiro de 2023

Núm. 9

B) Na Base Sexta apartado 2 :

ONDE DI:

“ O prazo de presentación de instancias (...) ,será de VINTE (20) DÍAS HÁBILES contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.(...)”

DEBE DICIR:

“ O prazo de presentación de instancias (...) ,será de VINTE (20) DÍAS HÁBILES contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.(...)”

Procedemos á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Lalín, na data da sinatura electrónica.

Alcalde do Concello de Lalín — Xosé Crespo Iglesias

